



Prezados Pais/Nais:

Como todos os anos, os mestres de Educación Infantil queremos darvos a benvinda a este novo curso.

Este ano o comezo das clases será o luns 11 de setembro no seu horario habitual, de 9:00 a 14:00 h.

Para mellorar e favorecer a estadia dos nenos e nenas na etapa de Educación Infantil, rogamos a vosa colaboración no respecto das seguintes normas:

- Prégase ás persoas encargadas de traelos e recollelos que o fagan con **puntualidade** e que sexan recollidos sempre, ou na medida do posible, pola mesma persoa. De non ser así, deberá notificarse e autorizarse previamente por escrito. Asemade, deberase entregar cuberto o documento que se adxunta na maior brevidade posible facendo constar nome, apelidos e DNI das persoas autorizadas.
- As titorías faranse os martes de 16:30 a 17:30, previa cita. A comunicación coas familias será a través da aplicación AbalarMóbil. Pregamos que a teñan instalada canto antes.
- Os nenos e nenas deberán traer á clase **ROUPA CÓMODA** que poidan poñer e quitar sós con facilidade. Non poderán traer cinto, tirantes, nin pantalón de peto. **O CALZADO DEBE TER VELCRO PARA PECHAR, NON CORDÓNS.**
- Os nenos e nenas de Educación Infantil de 3 anos deberán traer unha muda de roupa completa (incluíndo calcetíns e calzado) e un paquete de toallíñas que permanecerá na aula para poder cambialos se fose necesario.
- A mochila debe ser axeitada ao tamaño do neno (non deberá exceder dos 30x30 cm.) e non poderá ter rodas. Diariamente o neno traerá na mochila, unha botella pequena de auga con **dispensador** e unha toalla pequena. Todo elo con nome e as iniciais dos apelidos.
- **PREGAMOS QUE LLE POÑADES O NOME A TODAS AS COUSAS QUE O NENO OU NENA TRAIA Ó CENTRO**, como a roupa de abrigo, mandilón, mochila, muda...para poder identificalas facilmente e evitar perdas ou confusións. Ademais a roupa que sexa para colgar ten que levar unha cinta cosida.
- **O luns 18 de setembro, pregamos que estean todos os libros (os tres trimestres) e o material escolar no centro. Non so tedes que pór o nome na carpeta, senón en todo o material que hai dentro dela.**

- Os nenos e nenas non poderán traer xoguetes nin paraugas ao centro. Prégase que non traian pulseiras ou aneis porque poden perdelos.
- Os venres, levarán o mandilón para lavar na casa e deberán traelo cada luns.
- Deberán traer 2 fotos de carné (independentemente das entregadas na secretaría) para actividades nas aulas. Preferiblemente antes do 18 de setembro.
- O día de Psicomotricidade os nenos e nenas deberán traer o chándal do colexio e zapatillas deportivas con VELCRO. Dito chándal pode mercarse en Brais Sport (Sanjurjo Badía, enfronte de Xesuítas). O horario de Psicomotricidade concretarémolo proximamente. O chándal terán que traelo tamén cando fagamos algunha saída.
- Calendario de merendas é o seguinte. Pregámosvos que o respectedes:

Luns: bocadillo

Martes: froita (pelada)

Mércores: lácteos

Xoves: froita (pelada)

Venres: libre

- Aniversarios: o último venres de cada mes celebraremos os aniversarios do alumnado de infantil que cumpren nese mes. A celebración será sinxela e correrá ao cargo do cole. So se permitirá repartir invitacións se é para a clase completa.
- Como fixemos nos últimos anos, o equipo de Educación Infantil pon a vosa disposición o blog de leonciños para que vexades algunhas das actividades que realizamos cos vosos nenos e nenas durante o curso.

<http://leoncinis.blogspot.com.es>

- Animámosvos a visitar con asiduidade a páxina web do cole (www.quinonesdeleon.es), xa que nela aparece información e posts de actividades das diferentes etapas educativas.

Quedamos á vosa disposición para o que queirades, e agardamos a vosa colaboración.

Un saúdo

Os mestres de Educación Infantil.

3 anos: María maria.infantil.quinones@gmail.com

4 anos: Marga marga.infantil.quinones@gmail.com

5 anos: Jose jose.infantil.quinones@gmail.com